

A memoria e o absurdo da guerra, na Mostra de Teatro Universitario

Programa cinco espectáculos no Pazo da Cultura de Pontevedra

LÓPEZ PENIDE

PONTEVEDRA / LA VOZ

O vindeiro 22 de abril voltará a andar no Pazo da Cultura de Pontevedra a dezasete Mostra Internacional de Teatro Universitario (Miteu), que nesta ocasión inclúe cinco representacións a cargo das aulas e grupos de teatro dos tres campus da UVigo e de compañías de Portugal e Perú. Todas as sesións empezarán ás 20.30 horas con entrada gratuíta.

Os espectáculos buscan promover unha reflexión sobre «o absurdo das guerras» ou a memoria histórica, ao tempo que poñen de relevo a capacidade do teatro para conectar «co que está pasando na sociedade», segundo remarcou Jesús Salvador del Río, coordinador da mostra, na presentación da mesma este luns. «O teatro é unha maneira de pór cara a moitos dos problemas sociais que, lamentablemente, están agora en auxe», apuntaba, pola súa banda, a vicerreitora do campus, Eva María Lantarón, quen definiu a Miteu como «un espazo de encontro entre a comunidade universitaria e á cidadanía».

O grupo de teatro do campus de Pontevedra será o encargado de levantar o pano deste ciclo coa representación de *Tartufo*, de Molière, «un dos grandes autores da dramaturxia universal», precisou Salvador del Río, aludindo ao feito de que a comedia é «unha ferramenta útil para a crítica do poder». Ao día seguinte, tocaralle a *Perpétuo Pare-*



Luis Torres, Eva María Lantarón e Salvador del Río. MIGUEL PUEBLA

des, espectáculo teatral e musical inspirado na vida e obra do guitarrista portugués Carlos Paredes. A obra, dirixida por Zé paredes, combina nunha montaxe fragmentos poéticos de Ana Nogueira, Antóno José Forte, Edmundo Bettencourt e Fernando Pessoa.

Tres noites consecutivas

O 28 de abril será a aula de teatro do campus de Vigo a que se achegue ao Pazo da Cultura coa súa adaptación, dirixida por Sonia Rúa e Casilda Alfaro, do *Macbett* de Eugène Ionesco, «un grande autor do teatro de absurdo». Trátase dunha versión do *Macbeth* de Shakespeare, que empregando elementos da trama orixinal «evidencia o absurdo das guerras e da loita dos seres humanos polo poder», apuntou Del Río lamentando que é algo que

se atopa, «por desgraza, de plena actualidade». O mércores, o grupo Maricastaña, do campus de Ourense, interpretará *Insurrección*, obra inspirada no libro *Rebelión na granxa*, de George Orwell e na que se relata a insurrección dun grupo de traballadores que están a ser oprimidos polo seu xefe e que conseguen facerse co control dos seus medios de traballo e de subsistencia.

Los muchachos olvidados de Dios, da asociación Anaqueronte, será a peza que peche o Miteu o 30 de abril. Trátase dunha obra inspirada en testemuños nos conflitos internos vividos no Perú de 1980 a 2000 para, deste xeito, dar voz ás persoas «que se viron atrapadas entre a represión do estado e os grupos terroristas e paramilitares, que quedaron illados e non tiveron xustiza», incidiu Del Río.